

- gl
- es
- en

# Guía de estilo, dúbidas e erros máis frecuentes na tradución de software e programas da Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña

Esta guía está a se redactar neste momento polo que esta é unha páxina de proba, pendente de redacción e mais dunha revisión xeral

**Autor:** Iván Méndez López, Oficina de Software Libre da UDC

**Copyright:** Creative Commons  
(<http://creativecommons.org/licenses/by/2.5/es/deed.gl/> )

Índice

- 1. Introducción
  - 1.1. A Oficina de Software Libre
  - 1.2. O motivo desta guía
- 2. Cuestións ortográficas
  - 2.1. Maiúsculas e minúsculas. Criterios de uso
    - 2.1.1. Función demarcativa
    - 2.1.2. Función distintiva
  - 2.2. Signos de puntuación
    - 2.2.1. Usos do punto
    - 2.2.2. Usos da vírgula ou coma
    - 2.2.3. Uso dos dous puntos
    - 2.2.4. Uso dos guións longos e curtos
    - 2.2.5. Signos de interrogación e de exclamación
- 3. Cuestións morfosintácticas
  - 3.1. Ponderación de criterios a respecto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*
  - Nomes substantivos e adxectivos
    - Substantivos
    - Adxectivos
  - 3.3. Os pronomes persoais
    - 3.3.1. Pronomes persoais tónicos
    - 3.3.2. Pronomes persoais átonos
  - 3.4. O artigo determinado e o indeterminado
  - 3.5. Pronomes cuantificadores e identificadores
    - 3.5.1. Cuantificadores definidos, as numeracións e os pronomes ordinais
  - 3.6. Pronomes demostrativos
  - 3.7. Pronomes posesivos
  - Os verbos e as perífrases verbais
  - Adverbios
  - Preposicións e locucións prepositivas
    - Preposición a
    - Preposición entre
    - Locución cara a
    - Supresión de preposicións
  - Conxuncións
- 4. Cuestións léxicas
  - As abreviacións léxicas
    - As abreviaturas
    - Os símbolos
    - As siglas e os acrónimos
- Anexo 1. Nome das teclas
- Anexo 2. Listaxe de abreviaturas máis empregadas na tradución de programas
- Anexo 3. Listaxe de símbolos máis empregados

## **1. Introducción**

### **1.1. A Oficina de Software Libre**

A Oficina de Software Libre (OSL) da Universidade da Coruña nace oficialmente en febreiro de 2007 mais xa aparecía deseña no Libro branco para o uso do software libre nos ámbitos de docencia, investigación e administración da Universidade da Coruña ➡. Os obxectivos principais con que parte son promover e difundir o uso do software libre entre a comunidade universitaria e a sociedade en xeral e, como misións, terá as seguintes:

- Potenciar o compromiso da Universidade da Coruña na capacitación dos seus membros nunha sociedade baseada no coñecemento que posibilite a capacidade de innovación tecnolóxica.
- Fomentar as vías de colaboración entre as universidades, as institucións e mais as empresas do noso contorno que posibiliten implantacións e desenvolvementos conxuntos e tamén permitan compartir esforzos e experiencias.

- Integrar tecnoloxías asistivas e interfaces de usuario nas solucións das organizacións polas súas características de adaptabilidade e de acceso.
- Fomentar a independencia tecnolóxica e a protección dos investimentos
- Por último, e non máis importante, promover a normalización lingüística nas aplicacións informáticas.

É neste último sentido polo que se crea unha área dentro da OSL non só, mais si como parte fundamental, para a localización e tradución de programas e mais software libre á nosa lingua senón tamén para a creación e tradución de manuais e guías técnicas en galego. Na actualidade esta área está formada por un técnico en grao medio en normalización lingüística cuxo obxectivo principal será dotar o galego dos recursos técnicos necesarios para vehicular a vida moderna, a través do fomento da presenza da nosa lingua nas novas tecnoloxías e dotala dunha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos libres. Deste xeito, tentamos cumprir, e mesmo tomamos como propios, un dos obxectivos básicos do Plano xeral de normalización da lingua galega ➡ desde un punto de vista xeral, así como do Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña ➡ , aplicado ao caso concreto da nosa universidade.

## 1.2. O motivo desta guía

## 2. Cuestións ortográficas

### 2.1. Maiúsculas e minúsculas. Criterios de uso

Por influencia do inglés, na linguaxe informática en xeral e na tradución e localización de produtos informáticos en particular rexístrase un grande abuso do emprego de maiúsculas cando a nosa lingua esixe unha maior medida no seu emprego. Cómpre salientar que algunhas regras ortográficas do inglés a este respecto, como por exemplo o emprego de maiúsculas en todas as palabras dun título, non se debe extrapolar á hora de traducirmos programas ou calquera outra documentación.

No galego así como noutras linguas do noso contorno, o emprego de maiúsculas obedece a dúas funcións fundamentais: a función demarcativa (vén motivada pola situación da palabra no texto, a depender dos signos de puntuación) e a función distintiva (determinada pola natureza ou polo significado da propia palabra) [1].

#### 2.1.1. Función demarcativa

Sen entrarmos moi polo miúdo neste tema, cómpre salientar que polo xeral emprégase a maiúscula inicial ao comezo dunha frase, despois de punto e seguido e mais punto e final, despois de puntos suspensivos se estes equivaleren a un punto así como despois dun peche de interrogación ou de admiración. Pola contra debe empregarse sempre a minúscula despois dun punto e vírgula e dos dous puntos.

É un erro bastante estendido, non só na tradución e localización de software, o emprego da maiúscula despois dos dous puntos:

| Frase orixinal         | Tradución correcta                       | Tradución incorrecta                            |
|------------------------|------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| Testtool: Replace Text | Ferramenta de probas:<br>localizar texto | Ferramenta de probas:<br><b>Localizar</b> texto |

Con todo, e a pesar de salientarmos este erro, ás veces é difícil corrixírmolo nas nosas traducións debido á natureza deste tipo de tarefas. Ao pormos en galego unha cadea, esta remata con dous puntos e o texto que a continúa vén introducido polo sistema ao tomalo doutra cadea illada, un feito que nalgúns programas se destaca con caracteres como "%s", "#" ou semellantes, como no exemplo seguinte:

| Frase orixinal            | Tradución                        |
|---------------------------|----------------------------------|
| Data Source Properties: # | Propiedades da orixe de datos: # |

Por tanto, non poderá ser até unha revisión posterior do funcionamento do programa en que non se poderá comprobar se a nosa tradución se adapta a esta regra mais cómpre lembrar que, cando non for esta a secuencia, si que se debe ter coidado ao pór maiúsculas e minúsculas.

### 2.1.2. Función distintiva

O uso de maiúsculas como función distintiva emprégase para distinguirmos os nomes comúns, que van en minúscula, dos nomes propios, que van con maiúscula inicial. Porén "é precisamente esta función onde xorden máis problemas xa que non sempre fica claro que é un nome común dun nome propio" [Sanmartín Rei (2007): 18]. Isto vese acrecentado aínda máis na tradución de software pola influencia dos orixinais en inglés, onde o emprego das maiúsculas é moito máis amplo que no galego, un emprego abusivo que debe ser desterrado das traducións en galego.

Como normas xerais que debemos seguir para a tradución ao galego, cómpre salientarmos as seguintes:

- Como en inglés, en galego teñen maiúscula inicial os nomes de persoa e de lugar, mais non os xentilicios nin os nomes das linguas

| Frase orixinal               | Tradución correcta     | Tradución incorrecta             |
|------------------------------|------------------------|----------------------------------|
| english (US) Language Module | módulo de inglés (EUA) | módulo de <b>Inglés</b> (E.U.A.) |

- A primeira letra de cada unha das palabras léxicas (e por tanto, non irán en maiúsculas nin as preposicións, conxuncións e demais palabras gramaticais) dos nomes de institucións, organizacións, entidades ou empresas, quer privadas quer públicas, formalmente constituídas con independencia do seu carácter:

| Frase orixinal                                           | Tradución correcta                                            | Tradución incorrecta                                                  |
|----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| The Help system (...)software from Sun Microsystems, Inc | O sistema de axuda (...) do software de Sun Microsystems, Inc | O sistema de axuda (...) do software de Sun <b>microsystems</b> , Inc |

- Polo xeral, tamén terán a primeira letra maiúscula as marcas comerciais e, en concreto, os nomes dos produtos informáticos, xa sexan programas, contornos de escritorio, sistemas operativos, linguaxes de programación...

| Frase orixinal                                   | Tradución correcta                                | Tradución incorrecta                            |
|--------------------------------------------------|---------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| You must install a recent version of Thunderbird | Debe instalar unha versión recente do Thunderbird | Debe intalar unha versión recente de tunderbird |

Cómpre salientar que moitos dos nomes destes programas chégannos a través da súa versión inglesa ou orixinaria e, por tanto, seguindo unhas regras ortográficas que son estrañas para o galego; deste xeito, adoito achamos nomes

con dúas maiúsculas na mesma palabra ou sen espazo de separación entre os diferentes compoñentes do nome. Ao se trataren de produtos rexistrados ou cunha distribución importante, ten que se respectar a súa forma orixinaria

| Nome orixinal | Tradución correcta | Tradución incorrecta                    |
|---------------|--------------------|-----------------------------------------|
| OpenOffice    | OpenOffice         | <b>Open Office</b> ou <b>Openoffice</b> |
| GForge        | GForge             | <b>Gforge</b>                           |

Por último, temos que lembrar que os nomes xenéricos dos programas, como procesador de texto, folia de cálculo, cliente de correo electrónico..., por se trataren de formas xenéricas, nunca irán en maiúscula, a non ser que formen parte do nome completo do produto.

| Frase orixinal                    | Tradución correcta                         | Tradución incorrecta                              |
|-----------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| OpenDocument Spreadsheet Template | Modelo de folia de cálculo de OpenDocument | Modelo de <b>Folla de Cálculo</b> de OpenDocument |

- Irán en maiúsculas a primeira letra da palabra inicial dos títulos de documentos oficiais, textos legais e demais normativa, así como os nomes das licenzas de distribución de software.

| Frase orixinal         | Tradución correcta    | Tradución incorrecta         |
|------------------------|-----------------------|------------------------------|
| General Public License | Licenza pública xeral | <b>Licenza Pública Xeral</b> |

- Canto aos nomes dos menús, das iconas, os cadros de diálogo, separadores e demais elementos pertencentes á interface gráfica dos programas informáticos, levará maiúscula a primeira letra da palabra inicial, a diferenza do inglés en que, polo xeral, teñen maiúscula inicial todas as palabras deste nome.

| Frase orixinal                           | Tradución correcta                     | Tradución incorrecta                          |
|------------------------------------------|----------------------------------------|-----------------------------------------------|
| Open the Styles and Formatting window... | Abra a ventá de Estilos e formatado... | Abra a ventá de <b>Estilos e Formatado...</b> |

- Levarán maiúscula inicial na súa primeira palabra, os nomes dos títulos de obras e produtos literarios, intelectuais, artísticos..., a diferenza do inglés que pon maiúscula inicial en todas as palabras do título.
- Pola súa contra, a designacións dos días da semana, dos meses e das estacións do ano escribiránse sempre en minúscula (agás cando formaren parte da denominación específica dunha festividade como por exemplo o Venres Santo); é, por tanto, un erro que se debe evitar o emprego de maiúsculas ao se traduciren as datas que, na súa forma inglesa, acostuman ter maiúscula inicial.

| Frase orixinal     | Tradución correcta | Tradución incorrecta               |
|--------------------|--------------------|------------------------------------|
| (1 = Sunday, other | (1= domingo, outro | (1= <b>Domingo</b> , outro valor = |

| Frase orixinal                         | Tradución correcta                             | Tradución incorrecta                                       |
|----------------------------------------|------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| values = Monday)                       | valor = luns)                                  | <b>Luns)</b>                                               |
| (...) a record containing Februbary 17 | (...) un rexistro que conteña "17 de febreiro" | (...) un rexistro <b>contendo</b> "17 de <b>Febreiro</b> " |

- Tamén empregárase a minúscula nos nomes dos puntos cardinais (agás cando formaren parte de topónimos como America do Norte)

| Frase orixinal | Tradución correcta | Tradución incorrecta |
|----------------|--------------------|----------------------|
| North          | norte              | <b>Norte</b>         |

- Por último, cómpre salientar que os nomes que fan referencia a unidades de medida tamén terán como única forma válida na súa palabra plena (non así no símbolo abreviado, nalgúns casos) a minúscula

| Frase orixinal                 | Tradución correcta                     | Tradución incorrecta                                 |
|--------------------------------|----------------------------------------|------------------------------------------------------|
| 10 Kilometers equal 6.21 miles | 10 quilómetros equivalen a 6,21 millas | 10 <b>Quilómetros equivalen</b> a <b>6.21</b> millas |

- [1] Para unha visión moito máis detallada do emprego das maiúsculas en galego, pode consultarse Sanmartín Rei, Martínez Fernández, Méndez López, Ríos Noia e Pita Rubido (2007), páxinas 13-36 (ten unha versión dispoñíbel en pdf na seguinte ligazón: [http://www.udc.es/snl/recursos\\_crite\\_crit.htm/](http://www.udc.es/snl/recursos_crite_crit.htm/) )

## 2.2. Signos de puntuación

Como xa salientamos ao comezo deste documento, o obxectivo desta guía non é facermos un estudo exhaustivo de toda a casuística en cada un dos puntos deste manual, senón salientarmos aqueles erros que se producen con máis frecuencia na tradución de programas informáticos. A respecto dos signos de puntuación na linguaxe informática, cómpre salientarmos que, se ben noutros ámbitos lingüísticos unha puntuación correcta é imprescindible para estruturar e interpretar o discurso, a natureza das traducións e localizacións informáticas fai que este punto non sexa moi importante: polo xeral, a interface e as mensaxes a que accede unha persoa usuaria son curtas e prima, sobre todo, a transmisión do condito sobre a súa forma. Deste xeito, non estaremos diante de parágrafos longos con presentación de ideas, desenvolvemento delas e conclusión, por exemplo, senón de ordes ou mensaxes curtas rematadas por punto.

A pesar de todo o anterior, a procedencia dos textos para traducirmos, nomeadamente redactados en inglés, fai que no ámbito dos sinais ortográficos de puntuación aparezan algúns erros que cómpre evitarmos na versión galega

### 2.2.1. Usos do punto

Alén do seu uso para marcar unha pausa entre enunciados ligados semanticamente no discurso (punto e seguido), para separar ideas ou cambios de orientación no discurso (punto e á parte) ou para marcar o seu remate (punto final) [2].

Para alén desta función demarcativa do discurso, o punto ten outros usos en que, polo xeral, rexistramos bastantes erros na tradución e localización de software.

- Emprégase punto despois das abreviaturas (como **páx.**, **etc.** ...):

| Frase orixinal                                            | Tradución correcta                                  | Tradución incorrecta                                 |
|-----------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| personal letters, faxes, agendas, presentations, and more | cartas persoais, faxes, axendas, presentacións etc. | cartas persoais, faxes, axendas, presentacións , etc |

- Pola contra, é un erro empregar os puntos despois de símbolos, siglas, acrónimos

| Frase orixinal           | Tradución correcta                  | Tradución incorrecta            |
|--------------------------|-------------------------------------|---------------------------------|
| (256 Mb RAM recommended) | (recoméndase 256 Mb de memoria RAM) | (256 Mb. de R.A.M. recomendado) |

- Canto aos números, aínda que se emprega os puntos para separaren os milleres, é recomendábel, en cambio, separalos por un espazo cada tres cifras

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
| 2.000.000      | 2 000 000             | 2.000.000                 |

Isto non é de aplicación para a expresión dos anos de máis de tres cifras, xa que neste caso debemos obter por os escribirmos xuntos, sen separación e sen punto:

| Frase orixinal     | Tradución recomendada   | Tradución incorrecta     |
|--------------------|-------------------------|--------------------------|
| last release: 2007 | última liberación: 2007 | última liberación: 2.007 |

Cómpre salientarmos que, para separarmos as horas dos minutos, tamén se pode empregar o punto; con todo, neste caso, é preferíbel e recomendábel empregar dous puntos:

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
| 7.45           | 7:45                  | 7.45                      |

Por último, á hora de separarmos os decimais dos números enteiros, cando for preciso, tamén se pode empregar o punto. Porén, recomendamos para estes casos empregarmos unha vírgula para evitarmos confusións cos millares cando os primeiros constaren de tres decimais:

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
|----------------|-----------------------|---------------------------|

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
| 2.56           | 2,56                  | 2.56                      |

[2] Para unha visión máis detallada dos seus usos véxase Sanmartin Rei [2007], páxs.: 37-41.

### 2.2.2. Usos da vírgula ou coma

Sen entrarmos a valorar a casuística completa da coma [3], cómpre salientar, en primeiro lugar, que o seu emprego xeral é marcar unha pausa breve dentro dun enunciado maior, cunha especial relevancia pois o sentido deste pode variar segundo a súa colocación.

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
| ola            |                       |                           |

A coma emprégase para indicar unha enumeración cuxo último elemento vai introducido por unha conxunción (*e, nin, ou* etc.). Por tanto, é un erro que se repite con moita frecuencia, non só na tradución e localización de programas informáticos senón tamén na lingua escrita en xeral, o emprego dunha vírgula antes do último elemento dunha enumeración; no noso caso concreto, este uso débese pola influencia da versión inglesa nas traducións en que acostuma incluírse unha vírgula, como no exemplo seguinte:

| Frase orixinal                 | Tradución correcta                            | Tradución incorrecta                                   |
|--------------------------------|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
| Calc Menus, Toolbars, and Keys | Menús, barras de ferramentas e teclas do Calc | Menús, barras de <b>ferramentas</b> , e teclas de Calc |

Un outro erro no uso da vírgula moi estendido na lingua escrita en xeral e que tamén se recolle na tradución e localización de software é o seu emprego a separar o suxeito do verbo, un feito que debemos evitar:

| Frase orixinal                                       | Tradución correcta                                   | Tradución incorrecta                                   |
|------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
| The logical values of entries %s, are to be checked: | Os valores lóxicos das entradas %s deben comprobarse | Os valores lóxicos das entradas %s, deben comprobarse: |

Por último, cómpre lembrar que antes da abreviatura *etc.* non se debe pór unha vírgula porque no seu significado (*etcetera*, isto é, *e o que segue*) xa vai incluída unha conxunción, *e* que non require unha coma anterior:

| Frase orixinal                             | Tradución correcta                    | Tradución incorrecta                          |
|--------------------------------------------|---------------------------------------|-----------------------------------------------|
| formulas, logical values, dates, and so on | fórmulas, valores lóxicos, datas etc. | fórmulas, valores lóxicos, <b>datas, etc.</b> |

[3] Para unha visión máis detallada dos usos da vírgula, véxase Sanmartin Rei [2007], páxs.: 42-46

### 2.2.3. Uso dos dous puntos

Os dous puntos deben empregarse para introducir un texto no escrito que serve de explicación do anteriormente dito. Cando o texto que se introducir a seguir os dous puntos vai na mesma liña, a primeira palabra dese texto debe ir, necesariamente, en minúscula sempre e cando esta palabra non for un nome propio, unha cita textual etc., como xa comentamos anteriormente.

| Frase orixinal               | Tradución correcta                          | Tradución incorrecta                     |
|------------------------------|---------------------------------------------|------------------------------------------|
| Status: Sending error report | Estado: estase a enviar un informe de erros | Estado: <b>Enviando</b> informe de erros |

Con todo, cando a frase seguinte for nunha liña á parte e non se tratar unha listaxe de elementos, a primeira palabra deberá ir en maiúscula. Aínda que é ben difícil adiviñarmos cando unha frase irá á parte da anterior, polo xeral boa parte de programas empregan os caracteres "n" para indicaren que o texto posterior vai nun parágrafo á parte; neste caso, poderemos intuír, antes de probarmos o programa, que o texto a seguir vai nunha liña seguinte e, por tant, a primeira palabra deberá ir en maiúscula.

| Frase orixinal                                       | Tradución correcta                                       | Tradución incorrecta                                            |
|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| Cannot create Directory:nThe directory doesn't exist | Non se pode crear o directorio:n O directorio non existe | Non se pode crear o directorio:n <b>o</b> directorio non existe |

Para alén do anterior, temos que lembrar, como dixemos no apartado 2.2.1., que empregaremos os dous puntos para separarmos as horas dos minutos ao poñelas por escrito así como para a expresión das cifras dunha escala que relacionan a medida do plano da medida real:

| Frase orixinal | Tradución recomendada | Tradución non recomendada |
|----------------|-----------------------|---------------------------|
| 7.45           | 7:45                  | 7.45                      |
| Scale 1: 1000  | Escala 1: 1000        | Escala 1/1000             |

Por último, é preciso indicar que non se empregarán os dous puntos a separar o verbo do seu atributo ou o verbo do seu complemento directo, indirecto ou circunstancial, para non romper o discurso, como nos exemplos seguintes:

| Frase orixinal                 | Tradución recomendada         | Tradución incorrecta        |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------------------------|
| Your current usage is: {0} KB. | O seu uso actual é de {0} KB. | O seu uso actual é: {0} KB. |

### 2.2.4. Uso dos guións longos e curtos

O guión longo só se empregará para delimitar un texto que se insire dentro dun outro para explicar ou aclarar algún aspecto seu, así como para introducir, por parágrafos separados, os diferentes elementos dunha enumeración, mais nunca debemos empregar este trazo longo a funcionar como ou dous puntos ou como un punto e seguido, un aspecto que con frecuencia acontece na tradución de programas informáticos.

| Frase orixinal                   | Tradución recomendada                          | Tradución incorrecta                        |
|----------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------------|
| User logged out - shutting down. | O usuario saíu da sesión. Estase a pechar.     | O usuario pechou a sesión - <b>pechando</b> |
| Error - wrong password           | Produciuse un erro: o contrasinal é incorrecto | Erro - <b>contrasinal incorrecto</b>        |

Pola contra, si podemos empregar o trazo ou guión para marcar o camiño que debemos seguir para chegarmos a un determinado punto a través dos menús, aínda que neste caso é preferíbel empregar ">"

| Frase orixinal    | Tradución recomendada     | Tradución correcta        |
|-------------------|---------------------------|---------------------------|
| File - Save as... | Ficheiro > Gardar como... | Ficheiro - Gardar como... |

### 2.2.5. Signos de interrogación e de exclamación

Segundo se establece nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, o emprego do signo de admiración e de interrogación (! e ?) é só obrigatorio ao final do enunciado interrogativo ou admirativo que corresponder, mais poderá empregarse o signo de inicio naqueles casos que foren ambiguos ou onde non ficar ben claro cando comeza unha frase interrogativa. A pesar do dito, procurarase empregar unicamente a marca de remate, sobre todo se a frase comeza por unha partícula interrogativa ou exclamativa (*Que*, *Canto* etc.).

| Frase orixinal      | Tradución correcta                         | Tradución incorrecta             |
|---------------------|--------------------------------------------|----------------------------------|
| Error saving files! | Produciuse un erro ao gardar os ficheiros! | <b>¡Erro gardando ficheiros!</b> |
| Exit anyway?"       | Desexa saír de todos os xeitos?            | <b>¿Saír de todos os xeitos?</b> |

Cómpre lembrar que despois dun signo de peche de interrogación ou de admiración non é necesario empregar un punto, xa que estes signos xa teñen a mesma función. Con todo si se terán que empregar outros signos, se se precisaren, como a vírgula, pois de non se empregaren sobrentenderase que a oración está rematada.

Por último, hai que incidir en que nos programas informáticos se rexistra, polo xeral, un abuso das cláusulas exclamativas que na versión galega deberíamos evitar; deste xeito, unha cláusula como a anterior debería ter unha reacción afirmativa máis que exclamativa:

| Frase orixinal      | Tradución recomendábel                    | Tradución non recomendábel                |
|---------------------|-------------------------------------------|-------------------------------------------|
| Error saving files! | Produciuse un erro ao gardar os ficheiros | Produciuse un erro ao gardaros ficheiros! |

## 3. Cuestións morfosintácticas

### 3.1. Ponderación de criterios a respecto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*

Hai máis de catro anos que a Real Academia Galega presentou e aprobou a modificación máis importante feita até daquela das *Normas ortográficas e*

*morfolóxicas do idioma galego*, un feito que abriu unha nova etapa de consenso e concordia lingüística entre a maior parte dos sectores lingüísticos galegos. Por outra banda, cando se formula a tradución de software libre, o principal obxectivo que se persegue é a procura dunha ampla difusión así como facilitar o seu uso ás persoas usuarias, neste casos galegofalantes; para este feito, débese procurar que a calidade da súa tradución sexa equiparábel a calidade do propio programa en si. É este sentido de procura da mellor tradución e da maior difusión posíbeis o que nos recomenda tomar como base as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* para o noso traballo de tradución e propormos unhas liñas xerais de uso naqueles casos en que as normas ofrecen a posibilidade de escolla.

Neste sentido, cómpre repararmos no cuarto principio que rexeu a súa elaboración, onde se sinala a procura da harmonía coas linguas do noso contorno, nomeadamente o portugués, que se considerará como recurso fundamental no arriquecemento léxico.

De acordo con todo o anterior e para seguir a coherencia interna nas escollas que tamén recolle as *Normas*, as traducións que a Oficina de Software Libre realizar e as recomendacións para as súas coloboracións naqueles puntos onde se ofrece alternativa, son as seguintes:

- **Segunda forma do artigo.** O emprego da segunda forma do artigo, cos alomorfos *-lo, -la, -los, las*, só será obrigatoria coa preposición *por* (*polo, pola, polos, polas*) e co adverbio *u* (cun uso residual nas traducións informáticas). Para o resto dos casos, prefírese e empregárase como única a primeira forma do artigo:

| Frase orixinal                  | Tradución recomendada       | Tradución non recomendada         |
|---------------------------------|-----------------------------|-----------------------------------|
| Do you want to delete the file? | Desexa eliminar o ficheiro? | Desexa <b>elimina-lo</b> ficheiro |

- **Contracción da preposición *a* co artigo *o*.** Aínda que as *Normas* recollen tanto o uso de *ao(s)* como *ó(s)* para a contracción da preposición *a* co artigo masculino *o(s)*, nas traducións empregárase como forma exclusiva *ao*:

| Frase orixinal                   | Tradución recomendada                  | Tradución non recomendada                  |
|----------------------------------|----------------------------------------|--------------------------------------------|
| There was an error running gdb:n | Produciuse un erro ao exectuar o gdb:n | Produciuse un erro <b>ó</b> executar gdb:n |

- **Contracción da partícula comparativa *ca* co artigo determinado.** As *Normas* dan como alternativas para a representación da partícula comparativa *ca* co artigo determinado *o, a, os, as* tanto a contracción *có, cá, cós, cás* como a non representación na escrita deste fenómeno oral, isto é, *ca o, ca a, ca os, ca as*. Neste caso decántarémonos por esta segunda opción de se optar polo emprego da forma *ca*, aínda que tamén recomendamos o uso de *que* nestes contextos:

| Frase orixinal                    | Tradución recomendada                   | Tradución non recomendada                |
|-----------------------------------|-----------------------------------------|------------------------------------------|
| This file is larger than previous | Este ficheiro é maior que/ca o anterior | Este ficheiro é maior <b>có</b> anterior |

- **Sufixo *-aría/-ería*.** En concordancia con que as propias *Normas* establecen ("A

*forma -aria , maioritaria no galego medieval, era o resultado fonético regular da correspondente latina -ARIA. Por iso debe dársele preferencia a esta solución")*  
 daráselle sempre preferencia ao sufixo -aría en lugar do sufixo -ería:

| Frase orixinal                    | Tradución recomendada                      | Tradución non recomendada                         |
|-----------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| Music messaging session confirmed | Confirmouse a sesión da mensaxaría musical | Confirmouse a sesión da <b>mensaxería</b> musical |

- **Terminación -bel/-ble.** Considérase correcto o uso de -ble como -bel, mais desde a Oficina de Software Libre primárase esta segunda opción sobre a primeira, ao ser máis coherente coa nosa tradición lingüística:

| Frase orixinal        | Tradución recomendada                   | Tradución válida                      |
|-----------------------|-----------------------------------------|---------------------------------------|
| Unable to send e-mail | É imposible enviar o correo electrónico | Imposible enviar o correo electrónico |
| Set Custom Icon...    | Establecer iconas personalizadas...     | Establecer iconas personalizadas      |

- **Preposición até/ata.** De entre estas dúas opcións, prefírirase a primeira, até:

| Frase orixinal                       | Tradución recomendada                  | Tradución non recomendada                     |
|--------------------------------------|----------------------------------------|-----------------------------------------------|
| Drag the button to the size you want | Arrastre o botón até o tamaño desexado | Arrastre o botón <i>ata</i> o tamaño desexado |

De todos os xeitos e a pesar das indicacións deste apartado, o feito de elixirmos unha ou outra opción non quere indicar que a opción que non se recomenda sexa incorrecta ou desbotada de todas as traducións senón a nosa intención de mantermos unha coherencia no conxunto da nosa actividade. Calquera que for a opción que se elixir, deberá conservarse ao longo de todo o proxecto de tradución, para evitarmos a duplicidade de formas nun mesmo programa.

## Nomes substantivos e adxectivos

### Substantivos

### Adxectivos

## 3.3. Os pronomes persoais

Sen entrarmos polo miúdo na súa descrición, os pronomes persoais divídense en galego en tónicos e átonos, a depender de se neles reside tonicidade alén de certas particularidades sintácticas.

### 3.3.1. Pronomes persoais tónicos

Canto aos pronomes persoais con función de suxeito seguimos o paradigma establecido como norma (eu, ti, el/ela, nós, vós, eles/elas) a pesar da existencia da lingua falada diferentes formas dialectais [4]. Por outra parte, é un erro empregar a forma *elo*, aínda que presente en épocas pretéritas da lingua, na actualidade non ten vixencia, polo que deberemos empregar os diferentes procedementos que o galego habilitou para a expresión deítica, como por exemplo o demostrativo invariábel (*isto*,

iso...)

| Frase orixinal                    | Tradución correcta             | Tradución incorrecta               |
|-----------------------------------|--------------------------------|------------------------------------|
| and therefore<br>cannot be opened | e por iso non se pode<br>abrir | e por <b>elo</b> non se pode abrir |

Noutra orde de cousas, o inglés, lingua orixinal da práctica totalidade de programas para traducirmos, ten a necesidade de colocar os pronomes persoais nas cláusulas para marcar a dependencia do verbo, dada a súa pouca flexión verbal. Pola contra, o galego non ten esa necesidade xa que as desinencias verbais abundan para indicaren tanto o número como a persoa que é o suxeito da acción. Por tanto, debemos evitar o emprego reiterado dos pronomes persoais na tradución de progrmas informáticos, como no exemplo seguinte:

| Frase orixinal                      | Tradución recomendada             | Tradución non recomendada                 |
|-------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------------------|
| Do you want to<br>delete this file? | Desexa eliminar este<br>ficheiro? | Desexa vostede eliminar<br>este ficheiro? |

Con todo, podemos explicitar o pronome persoal a funcionar como suxeito na nosa tradución sempre que queiramos desfacer unha ambigüidade en casos de sincretismo formal entre formas verbais; un caso especial dáse ao empregarmos o tratamento de vostede nas nosas tradución, pois o verbo terá de ir necesariamente en terceira persoa; por tanto, pode darse unha certa ambigüidade que se pode clarificar ao pormos o pronome persoal suxeito explícito:

| Frase orixinal                                        | Tradución recomendada                              | Tradución non recomendada              |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|----------------------------------------|
| You missed %s messages<br>because he/she was too evil | Perdeu %s mensaxes<br>porque el/a foi<br>malvado/a | Perdeu &mensaxes<br>porque foi malvado |

De non colocarmos explicitamente o pronome no suxeito anterior, podería deducirse que o malvado foi a propia persoa a que se dirixe a mensaxe, un significado que desbotamos completamente coa concorrencia da forma pronominal.

Alén do caso anterior tamén poderemos colocar o pronome sempre que quixermos contrapor e enfatizarmos dúas persoas que aparecen no discurso; aínda que a desinencia verbal xa marca, sen dúbidas, esa contraposición de elementos, o que conseguimos é chamar a atención sobre eles, como no exemplo seguinte

| Frase orixinal | Tradución recomendada                                               | Tradución válida                                         |
|----------------|---------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| Y              | Mentres ti escribes, el/ela<br>verá unha mensaxe de<br>notificación | Mentres escribes verá<br>unha mensaxe de<br>notificación |

[4] Por tanto, non se recomenda o uso das formas *tu*, *il*, *nosoutos*, *nosotras*...

### 3.3.2. Pronomes persoais átonos

## 3.4. O artigo determinado e o indeterminado

Aínda que se acostuma introducir o artigo dentro do amplo abano dos pronomes

identificadóres, optamos por tratar o que tradicionalmente se coñecen como os artigos determinados (o, a, os, as) e mais o indeterminados (un, unha, uns, unhas) de xeito separado a aqueles dada a súa importancia no discurso. Neste sentido, polo xeral o inglés e, moi especialmente, a linguaxe informática non acostuma empregar con frecuencia os seus artigos, tanto os determinados como os indeterminados (*the* e *a/an*), un feito que nas traducións en galego debemos evitar pois, ás veces, a presenza do artigo como presentativo e actualizador é necesaria:

| Frase orixinal   | Tradución correcta                      | Tradución incorrecta               |
|------------------|-----------------------------------------|------------------------------------|
| Downloading mail | Estase a descargar o correo electrónico | <b>Baixando correo electrónico</b> |

En primeiro lugar, temos que salientar que a presenza ou ausencia do artigo (e entre esta, o uso do determinado ou do indeterminado) en galego non é unha cuestión arbitraria, pois o uso dunha ou doutra opción ten unhas consecuencias semánticas no noso discurso. Isto é, unha mesma cláusula en inglés, como *Send e-mails* pode ter en galego tres traducións válidas mais con tres significados diferentes, pois non é o mesmo dicir *Enviar correos electrónicos*, *Enviar uns correos electrónicos* ou *Enviar os correos electrónicos*. Na primeira delas, *Enviar correos electrónicos*, estamos a tomar o significado da cláusula na súa esencia, de xeito máis abstracto e xenérico e que pode ser válida cando queremos activar unha opción dentro dun programa. Na segunda opción, *Enviar uns correos electrónicos*, facemos incidencia en que se vai enviar uns correos electrónicos sen especificar cales, isto é, cun matiz xeralizador e de non concreción. Na última opción, *Enviar os correos electrónicos*, estamos a salientar que os correos son uns determinados, que coñecemos e que xa foron presentados no discurso.

Por tanto, cómpre repararmos no contexto da nosa tradución para elixirmos entre unha ou outra alternativa á hora de traducirmos directamente do inglés, dada a ausencia destes matices na lingua orixinal. Achámonos, pois, perante un problema cunha difícil solución, a que se suma non hai unhas normas estritas para o uso do artigo determinado e indeterminado. Con todo, existen algúns casos onde a presenza do artigo determinado é obrigatoria:

- En primeiro lugar, algúns substantivos comúns teñen unha presenza obrigatoria do artigo determinado, como (**casa, man, noite...**)
- Os nomes dos programas informáticos teñen que levar artigo determinado ao preceder:

| Forma orixinal  | Tradución correcta    | Tradución incorrecta       |
|-----------------|-----------------------|----------------------------|
| Open Office.org | Abra o OpenOffice.org | <b>Abra OpenOffice.org</b> |

- A frase formada por posesivo+substantivo leva case sempre artigo a preceder o posesivo, agás algúns casos con pouca frecuencia de tradución de programas informáticos, como son cos nomes de parentesco (cuxa presenza é facultativa), con seres únicos (*Noso Señor*), cando for un vocativo ou un exclamativo.

| Forma orixinal                       | Tradución correcta                    | Tradución incorrecta                       |
|--------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------------|
| The user %u has granted your request | O usuario %s aceptou a súa solicitude | <b>O usuario %s aceptou súa solicitude</b> |

- Co cuantificador absoluto *todo* e mais co identificador *ambos* a funcionaren como adxectivos e ao acompañaren un substantivo é obrigatorio o uso do artigo determinado

| Forma orixinal            | Tradución correcta            | Tradución incorrecta              |
|---------------------------|-------------------------------|-----------------------------------|
| Open all Messages         | Abrir todas as mensaxes       | <b>Abrir todas mensaxes</b>       |
| both tables are identical | Ambas as táboas son idénticas | <b>Ambas táboas son idénticas</b> |

- Un outro exemplo en que o pronome artigo definido é obrigatorio, mais con pouca frecuencia de aparición na tradución de programas informáticos, vén dado cos pronomes tónicos seguido dun cuantificador definido (*nós os cinco...*).
- Polo xeral, as siglas deben ir acompañadas do artigo, a concordar coa xénero da palabra principal do seu sintagma pleno [5]

Outros casos en que a presenza ou ausencia do artigo definido tamén é obrigatoria, mais sen seguiren unhas regras xerais, son os seguintes:

- Algúns topónimos, tanto galegos (*A Coruña, O Carballiño, A Laracha*) como estraxeiros (*O Brasil, O Perú, A Arxentina, O Canada, A China...*), deben levar sempre o artigo determinado; este feito denomínase tanto a países como cidades.

| Forma orixinal            | Tradución correcta            | Tradución incorrecta              |
|---------------------------|-------------------------------|-----------------------------------|
| Open all Messages         | Abrir todas as mensaxes       | <b>Abrir todas mensaxes</b>       |
| both tables are identical | Ambas as táboas son idénticas | <b>Ambas táboas son idénticas</b> |

[5] Para máis información pode ver o apartado desta guía dedicado ás Siglas

### 3.5. Pronomes cuantificadores e identificadores

Dentro do grande grupo que forman os pronomes cuantificadores e mais os identificadores, temos que salientar algúns casos que pola súa frecuencia de uso e polas dúbidas que este pode presentar, deben aparecer nesta guía. Canto aos cuantificadores indefinidos debemos reparar nos dous apartados seguintes:

- **Algún, algo, alguén:** débese desbotar, por incorrecta e por ser un calco do castelán, o emprego dos cuantificadores *algún* (*algunha, algúns, algunhas*) *algo* e *alguén* en expresións negativas a formaren unha dupla negación que tamén non se recolle nas formas orixinais en inglés:

| Frase orixinal           | Tradución correcta               | Tradución incorrecta             |
|--------------------------|----------------------------------|----------------------------------|
| No command was specified | Non se especificou orde ningunha | *Non se especificou orde algunha |
| O                        | Non marcou nada                  | *Non marcou algo                 |

| Frase orixinal | Tradución correcta                | Tradución incorrecta              |
|----------------|-----------------------------------|-----------------------------------|
| o              | Non lle enviou o correo a ninguén | *Non lle enviou o correo a alguén |

Nestas expresións de dupla negación, deberá empregarse, por tanto, os cuantificadores negativos *ningún* (*ningunha*, *ningúns* e *ningunhas*), *nada* e *ninguén* en lugar dos positivos. Pode ver máis información sobre este aspecto no apartado pertencente aos adverbios de negación e á dupla negación desta guía

- **Todo e ambos:** no apartado anterior dedicado aos artigos xa comentamos a necesidade destes dous cuantificadores de apareceren acompañados do artigo determinado.

Pola súa banda, dentro dos indetificadores, temos de reparar nas cuestións seguintes:

- **Mesmo:** un uso bastante extendido e erróneo, tanto na tradución de produtos informáticos como na lingua en xeral, é o emprego do identificador *mesmo* (*mesma*, *mesmos* e *mesmas*) con valor pronominal posesivo ou deítico como referente dun elemento citado con anterioridade no discurso.

| Frase orixinal                               | Tradución correcta                               | Tradución incorrecta                               |
|----------------------------------------------|--------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| When you select an object, its dimensions... | Ao seleccionar un obxecto, as súas dimensións... | *Ao seleccionar un obxecto, as dimensións do mesmo |

Nestes contextos, a tradución correcta debe empregar os pronomes demostrativos, persoais ou posesivos que corresponderen. No exemplo dado, pode traducirse tanto por *as súas dimensións*, como por *as dimensións deste* ou *as dimensións del* mais nunca por *\* as dimensións do mesmo*.

- **Outro:** neste caso, temos de lembrar o uso obrigado da contracción coas preposicións *de* e mais *en* para alén das formas contractas cos demostrativos (*estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*), cun uso menos frecuente na localización e traducións de programas informáticos. Por último, deberase ponderar o emprego da secuencia formada polos pronomes *un* e *outro* (e dereivados) nunha mesma frase, pois reforzan o seu valor como identificador.

| Frase orixinal                                         | Tradución recomendada                             | Tradución posíbel                      |
|--------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------------------------|
| Returns the position of a string within another string | Devolve a posición dunha cadea dentro dunha outra | Devolve a posición (...) dentro doutra |

### 3.5.1. Cuantificadores definidos, as numeracións e os pronomes ordinais

Aínda que os cuantificadores definidos son unha parte dos pronomes cuantificadores, a frecuencia de aparición na tradución e localización de produtos informáticos así como a conveniencia de ditar unhas regras sobre a súa tradución e o emprego ou non de números, aconsella tratalos nunha epígrafe á parte. Polo xeral, a escolla entre a inclusión de cifras ou letras á hora de representar cantidades non é un feito casual nin depende de cada persoa, senón que na maior parte de linguas existen unhas regras máis ou menos fixas sobre o seu uso. Neste sentido, cómpre salientar que no ámbito que nos ocupa existe a tendencia de representar as cantidades e a numeración a través das

cifras por un criterio de economía lingüística: normalmente, o espazo en que aparece o texto, ao seu reducido, recomenda o emprego dos números en lugar das formas con letras. Con todo, este feito non se ten que xeralizar, sobre todo cando en lugar de traducirmos programas informáticos o que facemos é crearmos documentación sobre estes, pois neste caso deberase seguir estas regras de uso.

Neste sentido, deberemos empregar as formas escritas con número nos casos seguintes:

- En cantidades que son iguais ou superiores a 10.
- En cantidades que teñen números decimais.
- Aquelas cantidades que representan magnitudes que van seguidas do símbolo que corresponder.
- As cantidades que forman parte de series, en que se inclúen as datacións (días, anos)

Pola súa banda, empregaranse a forma escrita con letras nos casos seguintes:

- Cantidades aproximadas
  - Ao comezo de oracións ou parágrafos
  - Na expresión dos números do 0 ao 9 agás nos casos do apartado anterior.
- Estes tres casos, de uso obrigatorio en documentación e en textos escritos, tamén terán de ver ponderado o seu uso na tradución e localización de software, aínda que poderá verse condicionado polas razóns de espazo que puideren provocar erros na interface.

Para alén das numeracións, dentro dos cuantificadores definidos temos, aínda, de salientar algúns outros aspectos. Dentro dos multiplicativos, recóllese tanto o uso de *dobre* como de *duplo* (este último con flexión de xénero e número) cuxo emprego terá de ser ponderado ao estar en consoancia cos máis cuantificadores multiplicativos (*triplo*, *cuadruplo*, *quíntuplo* etc.). Deste xeito, cómpre lembrar que as formas con vogal *-e* final son incorrectas e débense a influencia do castelán.

| Frase orixinal | Tradución correcta | Tradución incorrecta |
|----------------|--------------------|----------------------|
| Triple dot     | Punto triplo       | * Punto triple       |

Por último, e aínda que conforman segundo algúns autores unha clase pronominal propia e independente dos pronomes cuantificadores, dada a súa semellanza na casuística de uso destes pronomes cos primeiros, incluímos neste apartado unha breve recensión sobre eles. Do mesmo xeito que relatamos con anterioridade, na tradución acostuma empregarse os números en lugar das letras para a expresión dos ordinais.

### 3.6. Pronomes demostrativos

Canto aos pronomes demostrativos, cómpre lembrar que desde a aprobación en 2003 da nova versión das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* a única forma válida para o pronome demostrativo invariábel é con vogal **i** na raíz, isto é, *isto*, *iso* e *aquilo*; por tanto, son incorrectas *\*esto*, *\*eso* e *\*aquelo*.

Un outro erro que achamos con frecuencia vén dado nas formas plurais dos demostrativos masculinos, desta vez debido á influencia do español; as formas correctas, pois, en galego, son con terminación **-es** en lugar de **\*-os** (estes, eses e aqueles).

Por último, cómpre lembrar que rexeitarase o emprego do participio do verbo *dicir* (*dito*, *dita*) con valor demostrativo, isto é, a significar *este* ou *aquel*.

| Frase orixinal                                 | Tradución correcta                    | Tradución incorrecta                  |
|------------------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| ...the sheets contained in it are displayed... | as follas deste ficheiro móstranse... | ...as follas de <i>*dito</i> ficheiro |

### 3.7. Pronomes posesivos

Como regra xeral, os posesivos en galego van precedidos do artigo definido a concordar en xénero e mais en número con el, agás algúns casos que son máis propios da lingua oral que na tradución de programas informáticos; por tanto, a ausencia do artigo antes dos pronomes posesivos é un erro que temos de evitar sempre:

| Frase orixinal                                                                                         | Tradución correcta                                                                                           | Tradución incorrecta                                                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| yourmail@host.com<br> | oseucorreo@servidor.com<br> | *seucorreo@servidor.com<br> |

A respecto dos pronomes posesivos, temos de indicar que, polo xeral, na traducións de programas informáticos acostuma abusarse do emprego do pronome posesivo, un feito que vén dado pola grande frecuencia de aparición destes pronomes na lingua inglesa a especificar as persoas que interveñen no discurso. A este feito temos que engadir que nas versións orixinais dos programas informáticos emprégase unha linguaxe coloquial entre dous interlocutores, un computador que ás veces é personalizado, e unha persoa usuaria a que, ás veces, é a quen se dirixe o primeiro. Deste xeito, unha primeira persoa estaría formada polo computador e unha segunda polo seu usuario. Esta relación hipotética acostuma marcarse con frases do tipo **your file** ou **your email** que se traducen xeralmente por "o teu ficheiro" ou "o teu correo electrónico". Con todo, e a pesar de que estas tradución non son incorrectas, deberemos evitalas na maior parte dos casos ao seren redundantes e non achegaren ningunha información nova:

| Frase orixinal                      | Tradución correcta                     | Tradución non recomendada               |
|-------------------------------------|----------------------------------------|-----------------------------------------|
| you can reorganize your spreadsheet | pode reorganizar a folla de cálculo... | pode reorganizar a súa folla de cálculo |

Neste tipo de cláusulas, o posuidor da folla de cálculo xa está explicitado mediante o suxeito (neste caso a través das desinencias verbais), polo que volver explicitalo a través da introdución do posesivo é redundante no discurso e non achega ningún significado necesario para entendermos a mensaxe.

En cambio, existen contextos en que pode ser preciso recoller o matiz semántico que achegan os posesivos, para contrapor a pertenza exclusiva dun elemento en relación a outros xa existentes ou cando houber algunha dúbida sobre a propiedade do elemento que se está a citar no discurso. Nestes casos, a introdución do posesivo si é de utilidade e debemos ponderar a súa inclusión na tradución:

| Frase orixinal                                                                                         | Tradución recomendada                                                                                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A file with the same name already exists in the remote server. Do you want to upload your file anyway? | Xa existe un ficheiro con ese nome no servidor remoto. Desexa enviar, de todos os xeitos, o seu ficheiro? |

Cómpre, por tanto, comprovarmos o contexto en que se insire o texto que temos de traducir para así optarmos pola inclusión ou non do pronome posesivo.

## Os verbos e as perífrases verbais

### Adverbios

### Preposicións e locucións prepositivas

Sen nos demorar na explicación morfosintáctica e semántica das preposicións, cómpre, en cambio, facer mención a algúns erros que podemos achar na tradución de programas informáticos, en particular, así como na lingua escrita xeral, con bastante frecuencia e que se deben evitar. Este apartado, pois, tratará aquelas preposicións que, pola súa frecuencia de uso, teñen máis relevancia neste tipo de tarefas de tradución:

#### **Preposición a**

Canto ao uso da preposición *a* co complemento directo, temos que salientar que o seu uso só é obrigatorio cando este complemento está formado por un pronome persoal tónico e moi habitual cos nomes propios de persoa, aínda que neste caso se pode prescindir da súa aparición. Con todo, no resto de casos en que se introducir un complemento directo, a preposición *a* non se debe empregar, un erro que é bastante común non só na tradución de software:

| Frase orixinal               | Tradución correcta               | Tradución incorrecta                     |
|------------------------------|----------------------------------|------------------------------------------|
| Permit user                  | Permitir o usuario               | Permitir <b>ao</b> usuario               |
| Add the new user to the list | Engadir o novo usuario á listaxe | Engadir <b>ao</b> novo usuario á listaxe |

Un outro uso incorrecto da preposición *a* vén dado na construción *substantivo + a + verbo en infinitivo* con valor de futuridade, un calco da expresión inglesa *substantivo + to + verbo en infinitivo*. Este erro, moi habitual na lingua escrita, ten que substituírse por outros xiros lingüísticos como *substantivo + que + verbo en futuro/perífrase verbal de futuridade*, aínda que tamén se admite, máis non se recomenda, substituíla pola construción *substantivo + para + verbo en infinitivo*.

| Frase orixinal             | Tradución correcta                               | Tradución incorrecta                                 |
|----------------------------|--------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| E-mail to send to the user | Correo electrónico que se lle enviará ao usuario | Correo electrónico <b>a</b> <b>enviar</b> ao usuario |

Tamén é incorrecto introducir a preposición *a* na perífrase verbal *ir + infinitivo*, como xa indicamos con anterioridade:

| Frase orixinal | Tradución correcta                                 | Tradución incorrecta                                 |
|----------------|----------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| NON            | Vai enviar un correo sen asunto. Desexa continuar? | Vai <b>a</b> enviar un correo sen asunto. Continuar? |

#### **Preposición entre**

Nos múltiples significados desta preposición (localizador a respecto de dous puntos, lugar no interior dun conxunto, dúbida, escolla entre varios elementos, termo medio...) nunca debe aparecer precedida da preposición *de*, un erro que se acha con frecuencia na tradución ao galego



Por outra banda, o procedemento de abreviación do léxico abrangue catro subtipos, diferentes entre si e que non debemos confundir xa que cada un ten a súa diferente actuación lingüística. Estes procedementos son a abreviatura, os símbolos, as siglas e mais os acrónimos

### **As abreviaturas**

As abreviaturas son unha redución dunha palabra ou dun sintagma mediante a supresión dalgúns das súas letras (mais conservando a inicial), un procedemento cuxa finalidade principal é aforrar espazo e evitar reiteracións. É recomendábel que as abreviaturas empregaren máis dunha letra para evitarmos ambigüidades, confusións e duplicidades. Este procedemento é adoito empregado nas linguas do noso contorno en xeral e na tradución de software, dado, como dixemos anteriormente, a necesidade de adaptar unha frase a un espazo determinado na nosa interface.

Nas nosas traducións, as abreviaturas traduciranse ao galego, ao seren diferentes en cada lingua e ao seren a forma abreviada dunha palabra plena do léxico xeral dunha lingua que se traducirían de se empregara a forma plena.

| Forma orixinal | Tradución correcta | Tradución incorrecta |
|----------------|--------------------|----------------------|
| pag.           | páx.               | pag.                 |
| fwd.           | rnv.               | fwd.                 |
| subj.          | asun.              | subj.                |

A pesar de non haber unha norma estrita nin unha relación de abreviaturas para o galego, así como a maior parte das linguas, cómpre empregar aquelas de máis ampla difusión ou comunmente empregadas na lingua escrita [6] para facilitarmos, daquela, a comprensión da persoa usuaria. Por tanto, deberase evitar o uso excesivo das abreviaturas no noso texto e, sempre que for posíbel, preferirase o uso das palabras completas.

Canto ao seu uso, cómpre salientarmos algúns aspectos. Como regra xeral, deben levar punto ao seu remate xa que este aspecto axúdanos a interpretar que estamos perante unha sigla e non, por exemplo, dun símbolo. Como excepción a esta regra, algunhas siglas levan unha barra (/) a substituír esta funcionalidade do punto, máis estes son casos illados, nomeadamente as abreviaturas das denominacións das rúas, como *r/* e outras como *c/c* ("conta corrente") ou *c/* ("conta").

Un outro aspecto que debemos ter en conta canto ás abreviaturas é que conservan o acento da palabra plena a que representan; por tanto, é un erro non grafalo, un feito que débese a influencia das abreviaturas inglesas e ao esta lingua non representar na escrita a acentuación:

| Forma orixinal | Tradución correcta | Tradución incorrecta |
|----------------|--------------------|----------------------|
| wed            | mér.               | mer.                 |

Polo xeral conservan a grafía que posuía a forma plena e, por tanto, irán con maiúscula ou minúscula segundo corresponder. Con todo, algunhas abreviaturas como C. P. ("código postal") non seguen esta regra.

[6] Pode ver unha listaxe das abreviaturas máis empregadas en galego en Sanmartín Rei [2007], páxs. 113-120, así como en Feixó Cid (2002), González Rei (2004).

### **Os símbolos**

Ao contrario que as abreviaturas, que dependen do uso establecido en cada lingua e que non responden a uns criterios fixos, os símbolos son reducións de unidades de

medidas que foron decididas por algún organismo científico ou técnico e que teñen unha validez internacional; o seu uso, como no caso anterior, vén dado polas necesidades de aforrar espazo e evitar reiteracións. Deste xeito, os símbolos empréganse polo xeral igual en todas as linguas [7].

Como norma xeral, á hora de grafarmos na escrita un símbolo, debemos ter as consideracións seguintes:

- Van sempre sen punto final un feito que nos serve para diferenciarmos un símbolo dunha abreviatura
- Aínda que polo xeral acostuman ter minúscula inicial, algúns deles levan maiúscula, nomeadamente aqueles que proceden de nomes propios (como os watt, cuxo símbolo é o W e cuxa denominación se debe a James Watt) ou cando se trata de múltiplos dunha unidade de medida do grao máis alto (por exemplo, o símbolo G, de giga ou M de mega).
- Non teñen forma plural, como acontece nalgúns abreviaturas, polo que presentan sincretismo formal.
- Os símbolos que representen máis dunha palabra non deixan espazo entre cada un dos seus compoñentes, a diferenza do que acontecía para as abreviaturas (por exemplo Mbps "megabit por segundo")

| Forma orixinal                      | Tradución correcta                          | Tradución incorrecta                        |
|-------------------------------------|---------------------------------------------|---------------------------------------------|
| 128 Mb RAM (256 Mb RAM recommended) | 128 Mb de memoria RAM (recoméndanse 256 Mb) | 128 mb. de memoria RAM (recomendado 256 Mb) |

Cómpre incidirmos que, ao seren símbolos convencionais aceptados e empregados internacionalmente, o seu uso é fixo e deberanse escribir tal e como aparecen recollidos, aínda que non sigan as regras estruturais da lingua galega e, por tanto, escribírase Mb (megabit) e MB (megabyte) ou MHz (megahertz).

[7] Vexa o anexo 3 para unha listaxe dos símbolos máis empregados na tradución de programas informáticos.

### **As siglas e os acrónimos**

As siglas son a representación, de forma abreviada, de sintagmas que representan diferentes denominacións, nomeadamente organismos aínda que na linguaxe informática este aspecto é moito máis amplo pois abrangue desde linguaxes de programación a diferentes sistemas ou programas. Polo xeral, están formados a partir da primeira letra inicial de cada un das palabras léxicas (e por tanto, non das preposicións, conxuncións... aínda que non sempre, como o caso de UDC onde o "d" representa á preposición *de*) que a constitúen.

Cada lingua posúe as súas propias siglas e mesmo diferentes siglas, a depender do idioma, fan referencia a unha mesma realidade, como por exemplo a OTAN (Organización do Tratado Atlántico Norte) ou NATO (North Atlantic Treaty Organisation); por tanto, a regra xeral e o máis acaído sería a tradución das siglas e da realidade que designan ao galego. Con todo, a especialización das súas denominacións e realidades fai que, na maior parte dos casos, as siglas procedentes na nosa lingua fiquen sen traducir, escurecendo o seu significado e a súa comprensión.

Na linguaxe informática existe unha tendencia, pola nosa parte excesiva, de empregar siglas que xeralmente chegan á nosa lingua, e ás linguas do noso contorno, na súa versión orixinal, principalmente o inglés. Deste xeito, recoméndase, sempre que se poida, o uso da forma galega da sigla de xeito que as letras que a constitúan se correspondan cun sintagma desenvolvido que tamén se recomenda que vaia en galego. Isto débese para facilitar a comprensión das persoas usuarias. Con todo, existe unha resistencia á tradución destes nomes e siglas, pois constitúen de por si uns elementos que teñen unha difusión ampla no mundo informático e cunha relación "significante -

significado" moi fixa. Deste xeito, aínda que non é o máis lícito, cómpre respectar na súa forma orixinal aquelas siglas que teñan unha difusión moi ampla e cuxa forma estea consolidada, como HTML, CD, CPU... mais aquelas que teñan unha difusión menor ou novas tentarán traducirse para ir incorporándoas pouco a pouco ao galego.

Canto ao uso das siglas e a súa representación, cómpre facermos algunhas considereacións:

- Sempre que se puiden, e sobre en textos longos (como por exemplo, nos ficheiros de axuda que acompañan os programas ou en documentación de referencia) deberase desenvolver o sintagma a partir do que se forma a sigla, sobre todo naquelas siglas pouco coñecidas ou pouco habituais, aínda que se procurará facer isto con todas. Aínda que o recomendábel é por a sigla e, a seguir, o desenvolvemento dela en inglés e cursiva entre parénteses, seguida da tradución galega) por razóns de espazo ou de comodidade pódese optar por por só a versión en inglés ou en galego (esta última como preferencia).

| Forma orixinal | Tradución recomenda                                                | Tradución non recomendada |
|----------------|--------------------------------------------------------------------|---------------------------|
| GPL            | A GPL [8] ( <i>General Public License</i> , Licenza pública xeral) | A GPL                     |

En cambio, para aquelas siglas moi estendidas ou cunha ampla frecuencia de uso, non é necesaria o desenvolvemento da sigla, pois esta xa é clara por si. Deste xeito, casos como CD, CD-ROM ou PC non precisan o seu desenvolvemento, pois mesmo xa están incorporados ao léxico galego.

- En primeiro lugar, as siglas represéntanse xeralmente con todas as letras en maiúsculas e sen puntos despois de cada un dos seus elementos, un erro que se rexistra con frecuencia non só na linguaxe informática;

| Forma orixinal         | Tradución correcta          | Tradución incorrecta                      |
|------------------------|-----------------------------|-------------------------------------------|
| RGB (Red, Green, Blue) | RGB (vermello, verde, azul) | <b>R.G.B.</b> (vermello, verde, azul) [9] |

- Desde o punto de vista morfolóxico, as siglas son invariables e, por tanto, non teñen forma plural, unha calidade que só se marca coa flexión do artigo que a acompañar, se for o caso. Por tanto, é un erro que debemos evitar nas nosas traducións acompañar a sigla cun -s final minúsculo ou maiúsculo separado (ou non) por un apóstrofo

| Forma orixinal                | Tradución correcta                   | Tradución incorrecta                         |
|-------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------------------|
| URLs are used to determine... | Os URL empréganse para determinar... | Os <b>URLs</b> empréganse para determinar... |

- As siglas convértense nunha unidade léxica nova, dentro da clase morfolóxica dos nomes substantivos; por tanto, como estes, as siglas teñen xénero gramatical que o recollen da primeira palabra do sintagma de que está formada ou do substantivo principal (se a sigla estiver en inglés). Deste xeito, cando for necesario anteceder a sigla do seu artigo para a actualizar ou presentar, este artigo deberá estar en masculino ou feminino segundo corresponder:

| Forma orixinal                | Tradución correcta                    | Tradución incorrecta                           |
|-------------------------------|---------------------------------------|------------------------------------------------|
| Converts a system path in URL | Converte un camiño do sistema nun URL | Converte un camiño do sistema <b>nunha URL</b> |

Cómpre repararmos neste aspecto das siglas pois, ao se manteren as formas orixinais en inglés, é ás veces difícil saber cal é o xénero desa sigla cando a empregamos en galego. Por tanto, é preciso termos presente que é o que significa para tomarmos o substantivo principal como referente para o xénero. O exemplo que propomos non é casual xa que neste caso únese á versión en inglés a influencia do español nas traducións, que debemos evitar en todo momento e partirmos da versión orixinal para evitarmos este tipo de erros. A sigla URL significa *localizador uniforme de recurso* (do inglés *uniform resource localizador*) e, por tanto, o seu xénero é masculino tanto en galego como en español. Con todo, en español ás veces emprégase a sigla en feminino pois un URL, en definitiva, é un enderezo (en castelán *dirección*, e por tanto feminino) e tamén aparece con frecuencia o sintagma "endereço URL" (español "dirección URL"); ao se elidir este substantivo, no español emprégase "la (dirección) URL", que en galego levaría a unha forma incorrecta "a URL", pois sempre sería masculino ao sintagma ser "o (endereço) URL". Por tanto, cómpre ter cautela á hora de pormos o xénero ás siglas cando estas se corresponderen con nomes en feminino.

- [8] Un caso curioso que ten a ver co que indicabamos anteriormente sobre a tradución das siglas é este modelo de cor, cuxas siglas responden fan referencia á composición da cor en termos de intensidade das tres cores primarias (vermello, azul, verde, en inglés *red, green, blue*. A sigla ideal sería VVA, mais a súa frecuencia de uso coa forma en inglés aconsella que non se traduza, a pesar da maior transparencia que tería para unha persoa non introducida.
- [9] Neste caso sería válida e mesmo recomendábel a tradución a LPX (por ter versión en galego).

## Anexo 1. Nome das teclas

A pesar de que a maior parte dos teclados que se distribúen ou empregamos na Galiza están traducidos ao español ou, no seu defecto, na súa versión en inglés, é bastante frecuente na tradución dun determinado programa que fagamos mención ao teclado, nomeadamente para salientarmos un atallo ou para indicarmos as teclas que debemos premer para unha acción determinada. Deste xeito, non é difícil acharmos na tradución ao galego dalgún programa informático que se fai mención a cada tecla na súa versión en inglés, un feito que debemos evitar e, por tanto, empregarmos a forma galega para cada tecla.

Para solucionarmos os problemas que poidan xurdir na tradución ao galego, a seguir presentamos unha táboa coa denominación inglesa e galega das teclas, así como das súas abreviaturas.

| Termos        |                      | Abreviaturas |        |
|---------------|----------------------|--------------|--------|
| Inglés        | Galego               | Inglés       | Galego |
| Alt key       | tecla Alt            | Alt          | Alt    |
| alternate key | tecla de alternancia | Alt          | Alt    |
| Alt Gr key    | tecla Alt Gr         | Alt Gr       | Alt Gr |

| Termos                    |                                      | Abreviaturas          |                |
|---------------------------|--------------------------------------|-----------------------|----------------|
| Inglés                    | Galego                               | Inglés                | Galego         |
| alt graphic key           | tecla de alternancia gráfica         | Alt Gr                | Alt Gr         |
| backspace key             | tecla de retroceso                   | Backspace, <--        | Retroceso, <-- |
| Bloq Num key              | tecla Bloq num                       | Num lock              | Bloq num       |
| Break key                 | tecla de interrupción                | Break                 | Inter          |
| caps lock key             | tecla de bloqueo de maiúsculas       | Caps Lock             | Bloq maiús     |
| control key               | tecla de control                     | Ctrl                  | Ctrl           |
| Ctrl key                  | tecla Ctrl                           | Ctrl                  | Ctrl           |
| down arrow                | frecha abaixo                        |                       |                |
| delete key                | tecla de supresión                   | Del                   | Supr           |
| end key                   | tecla de fin, tecla Fin              | End                   | Fin            |
| enter key                 | tecla de retorno                     | Enter                 | Retorno        |
| Enter key                 | tecla Retorno                        | Enter                 | Retorno        |
| escape key                | tecla de escapada                    | Esc                   | Esc            |
| Esc key                   | tecla Esc                            | Esc                   | Esc            |
| home key                  | tecla de inicio                      | Home                  | Inicio         |
| home key                  | tecla Inicio                         | Home                  | Inicio         |
| Insert key                | tecla de inserción                   | Ins, Insert           | Ins            |
| Ins key                   | tecla Ins                            | Ins, Insert           | Ins            |
| left arrow                | frecha á esquerda                    |                       |                |
| numeric keyboard lock key | tecla de bloqueo do teclado numérico | Num lock              | Bloq num       |
| numeric lock key          | tecla de bloqueo do teclado numérico | Num lock              | Bloq num       |
| page down key             | tecla de avance de páxina            | Page Down             | Av páx         |
| page up key               | tecla de retroceso de páxina         | Page Up               | Re páx         |
| pause break key           | tecla de interrupción/pausa          | Pause, Break          | Pausa, Inter   |
| pint screen key           | tecla de impresión de pantalla       | Print Screen, Prt Scr | Impr pant      |
| right arrow               | frecha á dereita                     |                       |                |
| scroll lock key           | tecla de bloqueo de desprazamento    | Scroll Lock           | Bloq despr     |

| Termos        |                                | Abreviaturas |        |
|---------------|--------------------------------|--------------|--------|
| Inglés        | Galego                         | Inglés       | Galego |
| shift key     | tecla de maiúsculas            | Shift        | Maiús  |
| tabulator key | tecla de tabulación, tabulador | Tab          | Tab    |
| up arrow      | frecha arriba                  |              |        |

Para alén destas teclas, que se empregan con abreviaturas xeralmente nos programas informáticos, o teclado ten as letras seguintes que tamén son importantes, dada a súa concorrencia:

| Inglés                       | Galego                        |
|------------------------------|-------------------------------|
| arrow key                    | tecla de frecha, frecha       |
| asterisk key                 | tecla de asterisco, asterisco |
| character key                | tecla de carácter             |
| forward slash key, slash key | tecla de barra, barra         |
| backslash key                | tecla de barra invertida      |
| function key                 | tecla de función              |
| minus key                    | tecla de menos, tecla -       |
| plus key                     | tecla de máis, tecla +        |
| Windows key                  | tecla do Windows              |

Por outra parte, para indicarmos, de xeito abreviado, que dúas teclas teñen de se premer ao mesmo tempo, empregaremos o signo da suma (+) e a abreviatura da tecla en maiúscula e sen deixarmos espazo (Ctrl+Alt). Pola contra, se tamén de xeito abreviado queremos indicar que unha tecla se preme despois dunha outra, empregaremos como separación unha vírgula entre as dúas teclas en maiúscula (Ctrl\*Alt+2, A) deixando un espazo despois da vírgula.

## ***Anexo 2. Listaxe de abreviaturas máis empregadas na tradución de programas***

| Forma plena | Abreviatura |
|-------------|-------------|
| luns        | lun.        |
| martes      | mar.        |
| mércores    | mér.        |
| xoves       | xov.        |
| venres      | ven.        |
| sábado      | sáb.        |
| domingo     | dom.        |
| xaneiro     | xan.        |
| febreiro    | feb.        |

| Forma plena | Abreviatura |
|-------------|-------------|
| marzo       | mar.        |
| abril       | abr.        |
| maio        | mai.        |
| xuño        | xuñ.        |
| xullo       | xul.        |
| agosto      | ago.        |
| setembro    | set.        |
| outubro     | out.        |
| novembro    | nov.        |
| decembro    | dec.        |
| máximo      | máx.        |
| mínimo      | mín.        |
| número      | núm.        |
| páxina      | páx         |
| por exemplo | 16. ex.     |
| teléfono    | tlfñ        |
| véxase      | véx.        |
| asunto      | asu.        |
| remitente   | rmt.        |
| reenviar    | ren.        |
| anterior    | ant.        |
| seguinte    | seg.        |

### ***Anexo 3. Listaxe de símbolos máis empregados***

| Símbolo |        | Significado     |                  |
|---------|--------|-----------------|------------------|
| Inglés  | Galego | Inglés          | Galego           |
| "       | "      | inch            | polgada          |
| b       | b      | bit             | bit              |
| B       | B      | byte            | byte             |
| bps     | bps    | bit per second  | bit por segundo  |
| Bps     | Bps    | byte per second | byte por segundo |
| cm      | cm     | centimeter      | centímetro       |
| Gb      | Gb     | gigabit         | gigabit          |
| GB      | GB     | gigabyte        | gigabyte         |

| Símbolo |        | Significado         |                       |
|---------|--------|---------------------|-----------------------|
| Inglés  | Galego | Inglés              | Galego                |
| Gbps    | Gbps   | gigabit per second  | gigabit por segundo   |
| GBps    | GBps   | gigabyte per second | gigabyte por segundo  |
| h       | h      | hour                | hora                  |
| Hz      | Hz     | hertz               | hertz                 |
| kb      | kb     | kilobit             | quilobit              |
| kB      | kB     | kilobyte            | quilobyte             |
| kbps    | kbps   | kilobit per second  | quilobit por segundo  |
| kBps    | kBps   | kilobyte per second | quilobyte por segundo |
| kHz     | kHz    | kilohertz           | quilohertz            |
| m       | m      | meter               | metro                 |
| Mb      | Mb     | megabit             | megabit               |
| MB      | MB     | megabyte            | megabyte              |
| Mbps    | Mbps   | megabit per second  | megabit por segundo   |
| MBps    | MBps   | megabyte per second | megabyte por segundo  |
| MHz     | MHz    | megahertz           | megahertz             |
| min     | min    | minute              | minutos               |
| mm      | mm     | millimeter          | milímetro             |
| dpi     | ppp    | dots per inch       | puntos por polgada    |
| s       | s      | second              | segundo               |